



BANDO DA ALCALDÍA

**DON RAMIRO VARELA PEÓN ,
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA ,**

FAGO SABER:

No DOGA do pasado 17 de marzo de 2014, se publica a ORDE do 11 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2014.

Ábrese o prazo para a solicitude da prestación económica de pagamento único por fillos/as menores de tres anos a 1 de xaneiro de 2014 (nados entre o 02.01.11 e o 01.01.2014, incluídos), e que, durante o ano 2012, nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF, correspondente a este período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigadas a iso. (En caso de presentación da declaración polo IRPF, poderase desgravar á hora de facer a súa declaración).

A **prestación económica** consistirá nun pagamento único de **360 euros** por cada fillo/a menor de tres anos .

Será requisito necesario para a concesión da prestación que as persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia, e que na data da solicitude os nenos/as convivan coa persoa solicitante.

O prazo para a presentación das solicitudes é de 40 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOGA (ata o 26 de abril de 2014).

Para máis información e presentación de solicitudes, achéguese ás dependencias do Concello de Agolada.

O manda e asina o Sr Alcalde de Agolada a 18 de Marzo de 2014.

O Alcalde